

**PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL**  
**Módulo 2: Contratación pública: Alianzas estratéxicas e fórmulas de colaboración**  
 [ En colaboración coa Rede Eusumo ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 18 de maio ao 1 de xuño de 2021	<b>DURACIÓN</b>	15 horas
<b>HORARIO</b>	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe os días 18 e 25 de maio e 1 de xuño en horario de 16:30h a 19:00h. As persoas titoras estarán dispoñibles no seguinte horario: luns de 16:00h a 18:00h e xoves de 10:00h a 12:00h.		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop   <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a>		
<b>PESOA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	881 887 456 / 697 877 773
		<b>e-mail</b>	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA [AQUÍ](#)

**OBXECTIVOS**

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección.
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.

**PROGRAMA E CONTIDOS**

Módulo 1. Contratación pública: oportunidades para a licitación conxunta  
 Módulo 2. Preparación para a licitación pública  
 Módulo 3. Análise e decisión para licitar intercooperando  
 Módulo 4. Preparación dunha proposta  
 Módulo 5. Adxudicación e execución dun contrato  
 Módulo 6 (transversal) Presentación de experiencias e boas prácticas

**METODOLOXÍA**

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, ademais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso.

Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito sincrónico, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de vídeo-conferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

**DIRIXIDO A**

Preferentemente a persoas socias pertencentes aos equipos directivos, persoas que formen parte do Consello Reitor, e socias e asalariadas con responsabilidades de departamento ou area xerencial e/ou de licitación pública.

Atendendo ás especificidades e obxectivos do programa, e os criterios da orde de axudas, procurarase que en cada acción formativa participen un número de persoas entre 10 e 15.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.